REUNIÓN DA COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 28.11.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 12931 (10/POC-002212)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre as medidas previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinadas a potenciar a excelencia formativa no Sistema universitario galego (SUG)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

1.2 16987 (10/POC-002923)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o uso da lingua castelá nunha comunicación oficial remitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a unha persoa participante nunha proba selectiva no marco do programa de Formación Ocupacional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 8283 (10/PNC-000869)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre a creación polo Goberno galego dunha fundación con financiamento e representación pública para protexer, difundir e preservar o legado cultural de Sargadelos, así como o do intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017

2.2 10797 (10/PNC-001130)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 16907 (10/PNC-001410)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a escavación, estudo e posta en valor do castro da Piringalla, na cidade de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

2.4 19780 (10/PNC-001608)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas bases para a concesión das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

2.5 19877 (10/PNC-001617)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a realización de xestións do Goberno galego co Goberno central co fin de promover un acordo coas consellarías de educación dos gobernos autonómicos no seo da Conferencia Sectorial de Educación e coas organizacións sindicais na Mesa sectorial respecto da oferta pública de emprego para persoal docente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

2.6 19881 (10/PNC-001619)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dun proceso de coordinación e impulso dos actos de celebración do Centenario da Xeración Nós no ano 2020 que permita, coa colaboración das distintas administracións, institucións e entidades socioculturais, artellar unha programación de actividades que poña en valor e difunda o seu legado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

PARLAMENTO
DE GALICIA

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar	P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo	P

Secretaria

Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Teresa Egerique Mosquera	P
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 28.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 28.11.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 12931(10/POC-002212)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinadas a potenciar a excelencia formativa no Sistema universitario galego (SUG)

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12931
Data envio: 20/07/2017 15:06:33.251

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar e **Moisés Rodríguez Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A Xunta de Galicia ven colaborando co Sistema Universitario Galego (SUG) dun xeito constante e continuo na mellora da calidade do ensino universitario en Galicia.

Recentemente acadouse un acordo histórico co conxunto das Universidades Públicas Galegas para acordar a súa financiación pública cun importantísimo incremento de fondos públicos para os próximos anos que sen dubida axudaran a acadar aínda mellores resultados e mellorar a formación do SUG.

Esta mellora vense acadando de xeitos moi distintos, pero evidentemente, algún dos seus piares básicos son a mellora da calidade da docencia, a mellora dos medios a disposición do alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos, a continua mellora e ampliación de equipamentos, entre outros moitos.

Por elo, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas ten previsto implementar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para potenciar a excelencia formativa no Sistema Universitario Galego (SUG)?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12931
Data envio: 20/07/2017 15:06:33.251

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Martín Fernández Prado na data 20/07/2017 14:53:55

César Manuel Fernández Gil na data 20/07/2017 14:54:00

Maria Antón Vilasánchez na data 20/07/2017 14:54:04

Teresa Egerique Mosquera na data 20/07/2017 14:54:10

Carlos Gómez Salgado na data 20/07/2017 14:54:18

Carlos Enrique López Crespo na data 20/07/2017 14:54:29

Antonio Mouriño Villar na data 20/07/2017 14:54:36

Moisés Rodríguez Pérez na data 20/07/2017 14:54:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 28.11.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 16987(10/POC-002923)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o uso da lingua castelá nunha comunicación oficial remitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a unha persoa participante nunha proba selectiva no marco do programa de Formación Ocupacional

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 17:31
Nº Rexistro: 16987
Data envio: 19/09/2017 17:31:33.819

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o non uso da lingua galega por parte da Consellaría de Economía, Emprego e Industria nunha comunicación oficial.

A Consellaría de Economía, Emprego e Industria, a través da Secretaría Xeral de Emprego e a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral encamiñou a unha persoa demandante de emprego da Peroxa (Ourense) un escrito informando da obriga de se presentar a unha proba de selección no marco do programa de formación ocupacional.

No documento sinálanse día, hora e lugar en que deberá presentarse a persoa para realizar a devandita proba de selección así como as consecuencias derivadas de non o facer.

Nada fóra do habitual se non fose porque a documentación remitida pola Xunta de Galiza está redixida en castelán e só en castelán.

Cómpre lembrar que, desde a aprobación do Estatuto de 1981 recoñécese que a lingua propia de Galiza é o galego (artigo 5.1) como tamén aparece recollido no artigo 1º da Lei de Normalización Lingüística de 1983. Así mesmo, os poderes públicos de Galiza deben promover, de acordo co noso ordenamento xurídico, o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa cidadanía (artigo 6.3 da LNL).

Non é a primeira ocasión na que se producen queixas relacionadas coa vulneración dos dereitos lingüísticos das galegas e galegos por parte da Xunta de Galiza. De facto, no

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 17:31
Nº Rexistro: 16987
Data envio: 19/09/2017 17:31:33.819

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informe elaborado anualmente desde a Mesa pola Normalización Lingüística, A liña do galego, son a Xunta e o SERGAS, os que maior número de queixas rexistran (56% do total).

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza perante a comunicación redixida pola Consellaría de Economía, Emprego e Industria en castelán?

- Cónstanlle máis casos nos que se teña usado a lingua castelá nas comunicacións oficiais?

- A que se debe que algunha ou algunhas áreas da administración pública galega non usen a lingua propia do país para se comunicar coa cidadanía galega?

- Cre que este tipo de actuacións respectan os dereitos lingüísticos das galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 17:31
Nº Rexistro: 16987
Data envio: 19/09/2017 17:31:33.819

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 17:28:37

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 17:28:43

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 17:28:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 17:28:46

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 17:28:47

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 17:28:48

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 28.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 28.11.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 8283(10/PNC-000869)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre a creación polo Goberno galego dunha fundación con financiamento e representación pública para protexer, difundir e preservar o legado cultural de Sargadelos, así como o do intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8283
Data envio: 25/04/2017 19:57:27.530

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª**, relativa ao mantemento do legado cultural de Sargadelos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de 2016 a galería de Sargadelos de Ferrol anunciou o peche despois de 26 anos dedicados á venda das obras da cerámica de Sargadelos así como dinamizar culturalmente a cidade con exposicións, presentacións de libros, obradoiros, roldas de prensa, etc.

Os propietarios da Galería explican os motivos do peche polo incumprimento de condicións comerciais, incumprimento da súa obrigación de respectar a zona de exclusividade; e competencia desleal, desprezo absoluto pola actividade cultural da Galería, entre outros, que levaron á resolución do contrato.

Deste xeito, o peche deste espazo supuxo unha grande tristura para toda a cidadanía de Ferrol, que perde un lugar de referencia artística e cultural na cidade. Unha perda que vai moito máis alá da perda dunha empresa comercial, que diría Isaac Díaz Pardo, senón que se pon en perigo a propia conservación do patrimonio cultura galego.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8283
Data envio: 25/04/2017 19:57:27.530

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a garantir, tal e como establece o Estatuto de Autonomía e a Lei 5/2016 de patrimonio, a conservación do patrimonio cultural galego mediante a construción dunha fundación con financiamento e representación pública que protexa, difunda e preserve o legado cultural de Sargadelos e o legado do intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuna Bóveda Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 25/04/2017 19:52:28

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 25/04/2017 19:52:36

Luis Villares Naveira na data 25/04/2017 19:52:45

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 28.11.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 10797(10/PNC-001130)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:20
Nº Rexistro: 10797
Data envio: 22/06/2017 10:20:10.874

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, e a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª,** sobre a modificación do Decreto 44/1988 de 11 do febreiro polo que se regula o Consello Escolar de Galicia, os Consellos territoriais e municipais en desenvolvemento da Lei 3/1986 do 18 de decembro de Consellos escolares de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de marzo de 1988 publicouse no Diario Oficial de Galicia a lei que creaba os Consellos escolares de Galicia, tendo como obxectivos principais a presenza de todos os sectores sociais implicados na programación xeral do ensino non universitario e na política educativa con dous obxectivos claros: corrixir as desigualdades socioculturais causantes do fracaso escolar e lograr maior calidade e eficacia no ensino.

A creación dos consellos escolares como órganos colexiados nos que recolle a vontade dos diferentes sectores é a canle para que as diferentes sensibilidades no eido da educación chegue ás institucións, nun contexto de participación de todos os implicados desde o nivel municipal ata o Consello escolar galego,concibido como máximo órgano dentro dos consellos escolares, pasando polos consellos escolares territoriais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:20
Nº Rexistro: 10797
Data envio: 22/06/2017 10:20:10.874

Concíbense todos os consellos escolares como pezas básicas da participación da comunidade escolar, e a democratización do proceso de participación dos sectores implicados.

Para que esta democratización sexa tal o grupo parlamentario de En Marea propón unha maior participación no Consello Escolar de Galicia, como órgano superior de participación e de consulta na programación xeral do ensino e asesoramento nos proxectos de lei ou regulamentos ditados pola Xunta no ámbito das súas competencias educativas tendo que ser a súa participación en todos os eidos que afecten a este sector obrigatoria.

Os membros do consello escolar forman parte dun abano de sectores implicados no ensino xeral non universitario, inda que a maior parte deles carecen de vinculación directa co sector educativo estímase que potenciando o triángulo composto pola representación de proxenitores da comunidade educativa, da propia comunidade a través dos representantes de alumn@s, que carecen de representación na actualidade por non estar en federación nin confederación, e os profesorado.

Dentro do consello escolar de Galicia, composto na súa totalidade por 53 persoas, están representados sectores da escola e outros colectivos, como os 6 representantes da Administración educativa designados polo conselleiro/a de educación e Ordenación Universitaria. Sen embargo para existir unha maior representatividade das diferentes sensibilidades , nun contexto de toma de decisión con carácter plural e democrático deberíase substituír esta designación do conselleiro por unha máis plural, recaendo a mesma no órgano de máxima representatividade como é o Parlamento de Galicia, representante da soberanía nacional do pobo galego.

Así o Grupo parlamentario de En Marea presenta esta Proposición non de lei para o seu debate en pleno sobre a modificación do artigo 4 apartado 9 do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:20
Nº Rexistro: 10797
Data envio: 22/06/2017 10:20:10.874

decreto 44/1988 de 11 do febreiro polo que se regula o Consello escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais en desenvolvemento da lei 3/1986 de consellos escolares de Galicia.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Modificar o artigo 4.9 nos seguintes termos:

"Corresponderalle ao Parlamento de Galicia escoller seis representantes da administración educativa designados en función da representatividade Parlamentaria, que despois se presentarán a consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o seu nomeamento.

Estes representantes da administración serán elixidos por maioría de 3/5 do Parlamento de Galicia. A votación será mediante voto directo e secreto. As persoas que acade maior número de votos de entre as propostas serán elixidas para representar a administración educativa por un período de catro anos renovable por un máximo de 4 anos máis."

2.- Modificar o artigo 4.3 permitindo que os alumnos sexan escollidos de entre as asociacións de alumnos, que neste momento carecen de representación no Consello escolar de Galicia.

3.- Modificar o artigo 4.12 permitindo que sexan 3 os representantes da Universidade propostos, posto que son 3 as universidades galegas. No seu defecto, as dúas representacións serán rotativas entre as 3 universidades en dito Consello Escolar de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:20
Nº Rexistro: 10797
Data envio: 22/06/2017 10:20:10.874

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Ánxeles Cuña Boveda, Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez, Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/06/2017 10:16:47

Luca Chao Pérez na data 22/06/2017 10:17:00

Luis Villares Naveira na data 22/06/2017 10:17:16

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 28.11.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 16907(10/PNC-001410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a escavación, estudo e posta en valor do castro da Piringalla, na cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16907
Data envio: 19/09/2017 14:04:36.740

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e do seu deputado **Luis Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Fai practicamente dez anos, en decembro de 2007, atopáronse na Piringalla (Marcelle, Lugo) os restos dun castro cando se levaba a cabo a instalación das novas tuberías principais da rede de auga á cidade de Lugo. Nese momento fixéronse controles e sóndeos arqueolóxicos que aportaron datos moi relevantes, e que daban a pensar que era un castro de grande envergadura xa que se localizaron tres fosos defensivos cara ao Leste e dous cara ao Oeste. Pensase que podía ter un dobre anelo de fosos e, a maiores, outro máis en forma de media lúa.

Todo indica que este castro é moi importante e ademais sería un dos poucos coñecidos tan cerca dunha cidade.

A escavación do castro da Piringalla e o seu estudo, sería importante por si mesmo pero tamén para coñecer mellor a historia de Lugo. É destacable tamén que cerca da zona na que se produciu o achado dos restos do poboado se atoparon vestixios do acueduto que abastecía de auga á cidade. Igualmente, parece que tamén pasaba relativamente cerca a calzada romana número XX, que enlazaba A Coruña e Lugo.

Un castro así, tan cerca da cidade, é un valor a desenvolver tanto dende o punto de vista do patrimonio como do turismo cultural e polo tanto dende o punto de vista de oportunidades económicas para a cidade de Lugo, pero nestes dez anos nada se fixo para investigar este pazo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16907
Data envio: 19/09/2017 14:04:36.740

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para proceder á escavación, estudo e posta en valor do chamado castro da Piringalla, na cidade de Lugo."

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2017 14:00:20

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/09/2017 14:00:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2017 14:00:32

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 28.11.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 19780(10/PNC-001608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas bases para a concesión das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19780
Data envio: 06/11/2017 13:52:32.034

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as axudas de apoio á etapa predoutoral en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data do 9 de xuño o Diario Oficial de Galiza (DOG) publicou a Orde do 29 de maio de 2017, conxunta da Consellaría de Cultura, Educación e O.U e da Consellaría de Economía, Emprego e Industria, pola que se estabelecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

En xuntanza co grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a Asemblea de Investigadoras de Compostela, expuxo os problemas que están a atinxir as persoas investigadoras en etapa predoutoral e que se veñen sucedendo desde hai anos. Entre eles,

1. As sucesivas demoras na convocatoria das devanditas axudas que acumularon case 11 meses no ano 2017 en relación coa de 2012.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19780
Data envio: 06/11/2017 13:52:32.034

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A data de resolución da convocatoria, 8 días despois da data límite para a sinatura dos contratos.

3. O tempo de agarda que deriva deste atraso e que abocou as persoas solicitantes matriculadas en programas de doutoramento do SUG no curso 2016/2017 a agardar todo un curso académico sen garantías de ter financiamento.

4. Críticas aos criterios de avaliación que supoñen a discriminación do estudantado de doutoramento que non investigan asuntos indicados polo FSE ou que non pertencen a un grupo de investigación dos centros promovidos.

5. A imposición de restricións na escolla do destino no que desenvolver a obrigada estadía exterior e o tempo no que esta debe decorrer.

6. A fixación dun límite temporal para poder concorrer a estas axudas impedindo que poidan facelo aquelas persoas licenciadas ou graduadas antes do 1 de xaneiro de 2013 (agás excepcións). Como xa ten denunciado o BNG diante dun criterio semellante introducido nas axudas postdoutorais, este criterio limitador supón de facto unha discriminación por razón de idade e en ningún caso responde a razóns académicas.

Todas estas cuestións supoñen un atranco no acceso a estas axudas que constitúen un elemento fundamental para as persoas que deciden iniciar unha carreira investigadora. Aliás, mesmo impediron nas convocatorias de 2013 e 2014 que se asinasen todos os contratos ao non facer a administración uso das listaxes de agarda despois das renuncias que cada ano se producen, en boa medida, como resultado da resolución das FPU. Tanto é así que a falta de coordinación entre ambas as dúas convocatorias, denuncian desde a Asemblea de Investigadoras de Compostela, e o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19780
Data envio: 06/11/2017 13:52:32.034

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

limitado prazo para a adxudicación das prazas que foran obxecto de renuncia, provocaron que máis de 40 contratos ficasen sen asinar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Publicar de maneira estábel no primeiro trimestre do ano a Orde pola que se fixan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i; de xeito que a resolución se produza a máis tardar no mes de xullo co obxectivo de que as persoas beneficiarias poidan saber que o son ao comezo do curso académico (setembro) impedindo, ademais, que poidan ficar contratos sen asinar en ningunha convocatoria.

2. Suprimir nas vindeiras convocatorias a limitación na data de obtención do título de Licenciatura e Grao.

3. Suprimir a obriga de contar con matrícula previa no programa de doutoramento do SUG.

4. Flexibilizar as restricións na realización da obrigada estadía no exterior (quer no momento da escolla do destino, quer no prazo temporal fixado para o seu cumprimento) posibilitando, cando menos, que esta poida ser modificada despois da resolución da convocatoria en función das necesidades e/ou dispoñibilidade do lugar de destino e da persoa beneficiaria da axuda.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19780
Data envio: 06/11/2017 13:52:32.034

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Posibilitar a ponderación da nota media do expediente ás persoas candidatas que posúan un título de licenciatura permitindo introducir tamén o promedio dos estudos de mestrados e/ou aqueloutras titulacións precisas para a admisión en estudos de terceiro ciclo.”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2017 13:49:00

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2017 13:49:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2017 13:49:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19780
Data envio: 06/11/2017 13:52:32.034

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 06/11/2017 13:49:13

Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2017 13:49:15

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 13:49:19

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 28.11.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.5 19877(10/PNC-001617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a realización de xestións do Goberno galego co Goberno central co fin de promover un acordo coas consellarías de educación dos gobernos autonómicos no seo da Conferencia Sectorial de Educación e coas organizacións sindicais na Mesa sectorial respecto da oferta pública de emprego para persoal docente

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 19877
Data envio: 07/11/2017 18:15:12.211

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Os recortes e a normativa que os promoveron como o RD de abril de 2012 provocaron a perda de máis de 45.000 docentes no sistema educativo e permitiu o aumento das taxas de interinidade de maneira xeneralizada en todas as comunidades autónomas con taxas que superan o 25 %.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deportes eludiu este problema e non puxo nin medios nin solucións para afrontar esta grave situación, e como consecuencia volvémonos a atopar con imprevisións. É necesario lembrar a importante perda de docentes no sistema público, mentres aumentaba de maneira sostida o número de alumnos e disparábase a situación de interinidade ata unha porcentaxe inaceptable para o correcto funcionamento do sistema educativo, especialmente no referente á equidade e á calidade educativa.

Na pasada primavera alcanzouse un acordo entre Goberno e organizacións sindicais para a oferta pública de emprego dos próximos anos, que tamén afecta o sistema educativo, sendo esta unha oportunidade excepcional para reverter a drástica redución de docentes, e para que sexa realmente eficaz debe partir do acordo e o diálogo. A educación en España non se pode permitir unha improvisación máis e esixe un acordo con axentes educativos e gobernos autonómicos que nun prazo razoable permita articular o incremento de oferta pública docente dos sucesivos anos co obxectivo de:

1. Mellorar a calidade e a equidade do sistema educativo que esixe reducir as taxas de interinidade e recuperar efectivos docentes estables.

2. Garantir o mecanismo xusto e eficaz que promova a redución das taxas de interinidade.

3. Promover un sistema equilibrado para a estabilidade do docente que sufriu o impacto de recortes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 19877
Data envio: 07/11/2017 18:15:12.211

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Esta é unha oportunidade excepcional sobre un tema básico para o bo funcionamento do sistema educativo e a demostración de que se pode e se debe construír a política educativa desde o acordo e non a confrontación.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central co fin de promover un acordo sobre a oferta pública docente coas consellerías de Educación dos gobernos autonómicos no seo da Conferencia Sectorial de Educación e coas organizacións sindicais educativas na mesa sectorial, que permita:

1º) Suprimir a taxa de reposición e que para este proceso se oferte o maior número de prazas posibles desde a convocatoria de 2018 ata a de 2022.

2º) Favorecer a coordinación de todas as comunidades autónomas para que coincidan as convocatorias dos distintos corpos en todo o Estado.

3º) Non incluír requisitos nestas probas diferentes aos que xa se estaban esixindo.

4º) Non introducir ningunha modificación no temario das oposicións de 2018 e 2019.

5º) Promover a modificación do Real decreto 276/2007 do 23 de febreiro, introducindo unha disposición transitoria, co fin de que as convocatorias de oposicións que se produzan desde 2018 ata 2022 contemplen as seguintes cuestións:

a) A puntuación global do concurso-oposición resultará da ponderación dun 60 % da puntuación obtida na fase de oposición, e dun 40 % da puntuación obtida na fase de concurso.

b) Incrementar os 5 puntos actuais que se outorgan na fase de concurso pola experiencia docente previa ata 7 puntos

c) Ampliar o número de temas a elixir na proba escrita

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 19877
Data envio: 07/11/2017 18:15:12.211

d) Que as probas da fase de oposición non sexan eliminatorias

6º) Promover a mellora progresiva das condicións laborais do colectivo docente interino, para eliminar a inestabilidade e a precariedade do devandito colectivo, e avanzar, en función da dispoñibilidade orzamentaria das CC.AA, cara ás mesmas condicións laborais que o resto do persoal docente.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/11/2017 18:12:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/11/2017 18:13:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2017 18:13:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 28.11.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.6 19881(10/PNC-001619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dun proceso de coordinación e impulso dos actos de celebración do Centenario da Xeración Nós no ano 2020 que permita, coa colaboración das distintas administracións, institucións e entidades socioculturais, artellar unha programación de actividades que poña en valor e difunda o seu legado

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 18:24
Nº Rexistro: 19881
Data envio: 07/11/2017 18:24:29.399

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez** e **Martín Fernández Prado,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

A cultura de Galicia viviu na segunda década do pasado século unha esplendorosa Idade de Prata. No ronsel do Rexurdimento que se estendeu dende mediados da centuria anterior ata as portas do século XX e continuando o moi vizoso labor das Irmandades da Fala, en 1920 cristalizou un movemento de renovación cultural e literaria de primeira magnitude, que tivo na publicación da emblemática revista *Nós* o seu epicentro xerador.

As mulleres e homes que colaboraron nas páxinas de *Nós* conformaron unha admirable xeración, que catapultou a nosa cultura e lingua a unha nova época na que a poesía, a narrativa, o teatro o ensaio e, en xeral, todas as artes brillaron incomparables.

Voces referenciais como as de Vicente Risco, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Francisca Herrera Garrido, Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas ou Ramón Cabanillas lograron coa súa entrega que a creación literaria, o ensaio científico e a plástica galega alcanzasen cumes nunca antes logrados, abrindo a revista *Nós* á renovación literaria, á integración cosmopolita de colaboradores de distintas partes de Europa e á tradución de textos das máis diversas literaturas. O resultado foi a actualización, normalización e universalización da nosa cultura, superando calquera visión folclórica reducionista para sorprender a sociedade do seu tempo cunha aposta nidia pola modernidade estética e a afirmación idiomática.

A novela, o relato, a poesía e o teatro, mais tamén a historia, a arqueoloxía, a etnografía, a antropoloxía, a socioloxía ou a filosofía, entre outros variados eidos do estudo e o pensamento, víronse renovados e afianzados co traballo das persoas que capitanearon a revista *Nós* e o grupo ou xeración homónimos nucleados ao seu redor.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 18:24
Nº Rexistro: 19881
Data envio: 07/11/2017 18:24:29.399

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Ás súas angueiras sumaron tamén as que moitas e moitos deles levaron adiante dende outra institución que nese mesmo momento sumou luz á tarefa común de traballar a prol da lingua e a cultura de Galicia: o Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923 e centrado na potenciación da presenza do noso idioma especialmente no ámbito científico, académico e universitario, para o que contou co máis sobresaínte da intelectualidade moza daquela altura, na que destacan figuras senlleiras como as de Fermín Bouza-Brey, Xosé Filgueira Valverde, Pura Lorenzana, Lois Tobío, Ricardo Carballo Calero, Josefa Iglesias Vilarelle, Antón Fraguas, Carmen Rey ou Xaquín Lorenzo.

Co obxectivo de difundir adecuadamente esta celebración da cultura, a historia, a investigación, o pensamento e a creatividade galegas, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un proceso de coordinación e de impulso das celebracións do Centenario da Xeración Nós, que comezará en 2020, e que permita, coa colaboración das distintas administracións públicas, institucións e entidades socioculturais, artellar unha programación de actividades que poña en valor e difunda o seu legado".

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2017 18:20:17

César Manuel Fernández Gil na data 07/11/2017 18:20:27

Maria Antón Vilasánchez na data 07/11/2017 18:20:30

Teresa Egerique Mosquera na data 07/11/2017 18:20:35

Carlos Gómez Salgado na data 07/11/2017 18:20:44

Carlos Enrique López Crespo na data 07/11/2017 18:20:53

Antonio Mouriño Villar na data 07/11/2017 18:21:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 18:24
Nº Rexistro: 19881
Data envio: 07/11/2017 18:24:29.399

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Moisés Rodríguez Pérez na data 07/11/2017 18:21:09

Martín Fernández Prado na data 07/11/2017 18:21:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com